



**BASES PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DE UN/UNHA SOCORRISTA
PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS**

Primeira. *Obxecto*

Ten por obxecto a presente convocatoria contratar a un/ha socorrista para as Piscinas Municipais mediante contrato laboral de duración determinada.

Segunda. *Modalidade do contrato*

A modalidade do contrato é por obra ou servizo, regulada no artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

A duración do contrato será dende o 15 de xuño ao 23 de setembro de 2019.

O horario laboral será xornada completa.

Percibirá a cantidade mensual bruta de 1.175,45 euros por tódolos conceptos incluída a parte correspondente das pagas extraordinarias.

Terceira. *Condicións de admisión das persoas aspirantes*

Para poder participar nas probas de selección, as persoas aspirantes deben cumprir os seguintes requisitos mínimos de carácter xeral:

Para poder participar nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público:

- a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:
- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros



estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ser separado/a mediante un expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida o acceso ao emprego público no seu estado nos mesmos termos.
- e) Que non fora condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos
- f) Estar en posesión da titulación de socorrista (será suficiente se foi obtida nalgunha das seguintes entidades: Cruz Vermella, Protección Civil, Academia Galega de Seguridade, CESFORM-Vigo, Federación Nacional de Socorrismo, Federación Galega de Socorrismo, IDISSA (Fundación para la investigación, desenvolvemento e innovación en salvamento, socorrismo y actividades), SADEGA S.L., Universidade da Coruña e Dirección Xeral de Formación e Colocación)
- g) Acreditación de figurar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia , modificado polo Decreto 35/2017 de marzo.

Cuarta. Forma e prazo de presentación de solicitudes

1. As instancias dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello, e serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello no prazo de cinco días, contados a partir do día seguinte da publicación do correspondente anuncio en dous diarios de gran difusión e na páxina web municipal www.aestrada.gal, ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 26 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas; As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para seren seladas e datadas polo persoal funcionario de Correos antes de seren certificadas.



Neste caso, aconséllaselles ás persoas aspirantes que comuniquen a presentación da solicitude mediante unha mensaxe de fax (986570836) ou de correo electrónico (persoal@aestrada.es) e durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase do mesmo xeito no caso de presentar a solicitude noutra administración pública.

Con ela acompañaranse compulsadas:

- a) Fotocopia do D.N.I.
- b) Certificado/Informe médico no que se faga constar que a persoa aspirante non sofre impedimento físico para desempeña-la actividade de referencia.(Socorrista)
- c) Xustificante de coñecemento de lingua galega (Celga 4 ou equivalente), de posuílo.
- d) Xustificante da titulación esixida.
- e) Acreditación de figurar inscrito no Rexistro profesional de socorristas acuáticos
- f) Xustificante do pagamento das taxas de inscrición (a cantidade a aboar serán 15,00 euros os cales serán pagados na Tesourería municipal ou a través do seguinte número de conta bancario: BBVA (ES17 0182 6246 3202 0036 0191) no xustificante de ingreso terá que figurar o DNI do candidato á praza).

Segundo a ordenanza fiscal nº 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, nos procedementos de selección de persoal, non será esixible o pagamento polos conceptos "Dereitos de exame" e "Compulsas" ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que así o acrediten por medio de certificación emitida polo Instituto Nacional de Emprego ou servizo homólogo da Comunidade Autónoma.

2.- As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixeron constar na solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento ben de oficio, ben a instancia de parte.

Quinta. Admisión dos aspirantes

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a lista de persoas admitidas e excluídas, en que se especificarán, de ser o caso, os motivos de exclusión. A lista publicarase no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal . No caso de non existir persoas excluídas, a lista será considerada como definitiva.

No caso de existir persoas aspirantes excluídas, dispoñerán dun prazo de un día, contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista, para poderen emendar o defecto que deu motivo á exclusión.

Sexta. Tribunal cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ninguén.

Estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais cos/as seus/súas



correspondentes suplentes.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir e comunicarllo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do sector público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, para o mesmo corpo e especialidade. Así mesmo as persoas aspirantes poderán recusar os membros do Tribunal cando neles concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015. Unha vez constituído o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vogais titulares que non concorren á sesión constitutiva e, de ser o caso, os suplentes.

Os membros do Tribunal que asistan ás súas sesións, percibirán dietas pola súa asistencia, na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

Sétima. Comezo dos exercicios

1.- A data e a hora do primeiro exercicio publicarase xuntamente coa publicación da lista definitiva de admitidos.

2.- As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos.

Oitava. Exercicios da oposición

Os/as interesados/as presentaranse no lugar, día e hora, fixados no intre da publicación da relación de admitidos e excluídos, aos efectos de levar a cabo os seguintes exercicios:

Primeiro exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar, por escrito, un cuestionario tipo test de 35 preguntas, con 4 respostas alternativas das cales só unha delas será a correcta, baseadas no contido do temario da convocatoria. As persoas opositoras dispoñerán de 60 minutos para a realización do cuestionario. O tribunal será o encargado de elaborar o cuestionario, para o que se reunirá na data que acorde no momento da súa constitución. Este exercicio eliminatorio da oposición será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar e acceder ao seguinte obter unha puntuación mínima de cinco puntos. Con respecto aos criterios de corrección as preguntas contestadas erróneamente, non restarán.

Segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio

As persoas aspirantes que superasen o primeiro exercicio presentaranse na piscina designada ao efecto, co gallo de levar a cabo as probas de Aptitude física, polo que deberán acudir provistos de roupa de baño.

Consistirá en superar as seguintes probas, todas elas obrigatorias. Poderase acadar ata un máximo de 30 puntos:



- **100 m NATACIÓN LIBRE (Ata 10 puntos)**

Posición de saída en pé ou en auga, natación croll, braza, con ou sen lentes de natación.
A persoa aspirante realizará a distancia de 100 metros en posición ventral (boca abaixo) .

TEMPO	PUNTUACIÓN HOMES	PUNTUACIÓN MULLERES
1 minuto ou menos	10	10
Entre 1:01 e 1:15 minutos	8	10
Entre 1:16 e 1:30 minutos	6	8
Entre 1:31 e 1:45 minutos	4	6
Entre 1:46 e 2:00 minutos	2	4
Máis de 2 minutos	NON APTO	NON APTA

- **25 m APNEA+25 m ESTILO LIBRE (Ata 10 puntos)**

Posición de saída: En pé, traxe de baño, sen lentes de natación.
O alumno realizará 25 metros sen emerxer á superficie e 25 metros de nado estilo libre.

TEMPO	PUNTUACIÓN HOMES	PUNTUACIÓN MULLERES
30 segundos ou menos	10	10
Entre 31 e 45 segundos	8	10
Entre 46 e 60 segundos	6	8
Entre 61 e 90 segundos	4	6
Entre 91 e 120 segundos	2	4
Máis de 120 segundos	NON APTO	NON APTA



- **FASE COMPLETA DE SALVAMENTO (Ata 10 puntos)**

Posición de saída: En pé, traxe de baño, sen lentes de natación.

Nadar 40 m estilo libre, 10 m de mergullo sen emerxer á superficie, chegar ao maniquí, que estará no fondo do vaso acuático, remolque con técnica correcta 50 m, e extracción do maniquí do medio acuático.

TEMPO	PUNTUACIÓN HOMES	PUNTUACIÓN MULLERES
2 minutos ou menos	10	10
Entre 2:01 e 2:30 minutos	8	10
Entre 2:31 e 3:00 minutos	6	8
Entre 3:01 e 3:30 minutos	4	6
Entre 3:31 e 4:00 minutos	2	4
Máis de 4 minutos	NON APTO	NON APTA

Proba de galego

As persoas aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 4 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentas de realizar a proba específica as persoas aspirantes que opten por realizar o exercicio obrigatorio en lingua galega. As restantes persoas opositoras terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Cualificaranse como aptas as persoas aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa, serán consideradas non aptas.

Novena. Cualificación final e listaxe de persoas aprobadas

A cualificación obtida polas persoas aspirantes será o resultado da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios. Rematados os exercicios obrigatorios, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal a relación de aprobados por orde de puntuación. A persoa que consiga maior puntuación será proposta ao Presidente da Corporación para que faga o nomeamento e se formalice o contrato. Non se poderá propoñer a máis dunha persoa por praza convocada.

As demais persoas aprobadas manteranse, por orde de puntuación, nunha lista de suplentes para



o caso de ser necesario o seu chamamento como consecuencia de renuncias, baixas laborais etc.

No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, a situación resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio. Se isto non fora suficiente, resolverase tendo en conta a puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate, resolverase mediante un sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

Décima. *Formalización dos contratos*

Unha vez concluído o proceso selectivo, a persoa aspirante proposta para a contratación terá que presentar a Certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais. A formalización do contrato terá lugar en canto o/a interesado/a presente a documentación pertinente.

Décimo primeira. *Carácter vinculante das bases*

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a administración municipal, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

Décimo segunda. *Incidencias e recursos*

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, conforme

á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte da última publicación destas. Asimesmo, poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do concello (de ser o caso).

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias prantexe a súa aplicación, a cuxo efecto poderá adopta-los acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.



ANEXO TEMARIO

1. A Constitución Española de 1978. Características, estrutura e contido. A reforma constitucional.
2. Os dereitos fundamentais: evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.
3. A Monarquía parlamentaria. A coroa: significado e retribucións. O referendo.
4. As Cortes Xerais. Composición e funcións.
5. O Goberno. Funcións e potestades. Composición, designación e remoción do Goberno e o seu presidente.
6. A Lei de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.
7. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Réxime disciplinario do persoal ó servizo das Administracións Públicas.
8. Os conceptos de Administración Pública e Dereito Administrativo. O sometemento da Administración ó dereito. O principio de legalidade. As potestades administrativas.
9. As fontes do Dereito Administrativo. O Regulamento: titularidade da potestade regulamentaria. Ámbito material do Regulamento. O procedemento de elaboración dos regulamentos. Eficacia do regulamento. Control dos regulamentos ilegais e efectos da súa anulación.
10. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: a motivación e forma.
11. Deseño e xestión de programas acuáticos saudables: Prevención e seguridade en actividades e programas acuáticos. Obxectivos.
12. Deseño e xestión de programas acuáticos saudables Contidos.
13. Deseño e xestión de programas acuáticos saudables: Metodoloxía.
14. Deseño e xestión de programas acuáticos saudables: Recursos humanos e materiais.
- 15.-Deseño e xestión de programas acuáticos saudables Avaliación.
16. Prevención de accidentes no medio acuático: Concepto de socorrismo acuático.
17. Prevención de accidentes no medio acuático: O socorrista acuático profesional e a súa formación.
18. Prevención de accidentes no medio acuático: Prevención de accidentes acuáticos e afogamentos (educación, información e recursos).
19. Prevención de accidentes no medio acuático: A vixilancia nas zonas de baño e usuarios. A comunicación aplicada a situacións de prevención de riscos.
20. Prevención de accidentes no medio acuático: O rescate acuático, secuencia de actuación.



21. Prevención de accidentes no medio acuático : Técnicas adaptadas de entrada e nado.
22. Prevención de accidentes no medio acuático: Inmersión e mergullo. Técnicas de control de vítima.
23. Prevención de accidentes no medio acuático: Técnicas de traslado de vítimas sen e con material de rescate. Técnica de extracción de vítimas.
24. Prevención de accidentes no medio acuático: Técnicas para o control, inmovilización, traslado e extracción de vítima con posible lesión medular e/ou politrauma.
25. Intervención prehospitalaria ante accidentes e afogamentos no medio acuático: A cadea de supervivencia, RCP básica e obstrución de vía aérea por corpos estraños. Paciente traumático: valoración do paciente traumático, traumatismo craneal, traumatismo da columna vertebral, traumatismo torácico-abdominal. Traumatismos en extremidades e partes brandas: escordaduras, luxacións, fracturas, contusións e feridas.
26. Intervención prehospitalaria ante accidentes e afogamentos no medio acuático: Trastornos circulatorios: shock, hemorragias, desmaios, lipotimias e síncope. Lesións producidas por calor e frío. Picaduras. Intoxicacións e cadros convulsivos. O posto de socorro e botiquín de primeiros auxilios.
27. Primeiros auxilios: Identificación das situacións de emerxencia. Coñecementos básicos sobre anatomía e fisioloxía, imprescindibles como soporte teórico: o aparato cardio-circulatorio, o aparato respiratorio, o aparato dixestivo, o aparato locomotor e sistema nervioso. Atragantamentos: maniobras de desobstrución de vías respiratorias en lactantes, nenos e adultos. Práctica. Resucitación cardio-respiratoria, pediátrica e en adultos. Manexo dos equipos e simulacións.
28. Primeiros auxilios: Valoración das constantes vitais. Temperatura (patoloxías pola calor), pulso, tensión arterial, frecuencia respiratoria, niveis de conciencia (convulsións, síncope, coma). Hemorragias. Problemas dixestivos: vómitos, diarreas, dor abdominal. Intoxicacións, alerxias e picaduras.
29. Primeiros auxilios: Dor, corpos estraños, irritacións oculares, mareos, estados de ansiedade. Traumatismos do aparato locomotor: contusións, feridas e queimaduras, escordaduras e fracturas. Técnicas de vendaxe e inmovilización. Mobilización de feridos.
30. Primeiros auxilios: Traumatismos craniais e de columna vertebral. O politraumatizado. Simulación e práctica de actuacións non recomendables.
31. Primeiros auxilios: Componentes dun botiquín de primeiros auxilios. Correcto uso de todos os seus elementos. A súa renovación e caducidades.
32. Primeiros auxilios: Prevención de riscos. Puntos críticos nunha piscina e no seu entorno. Lexislación. O socorrismo acuático: aspectos éticos, sociais e xurídicos.

A Estrada, 6 de maio de 2019
O ALCALDE

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE